WIKIPEDIA

Lingua suahili

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **suahili**,[1] tamén chamado ***swahili*** ou ***kiswahili***, é unha lingua africana que pertence ao subgrupo sabaki das bantú. Dentro das bantú, é a que conta co número maior de falantes. É unha das linguas oficiais do Quenia, da Tanzania e de Uganda, aínda que os seus falantes nativos, os pobos Suahili, sexan orixinarios só das rexións costeiras.

É falada por uns cincuenta millóns persoas no mundo, incluíndo, alén dos países que a teñen como lingua non oficial, Uganda e a República Democrática do Congo. É tamén falado con algunha frecuencia nas áreas urbanas do Burundi e de Ruanda, no sur da Somalia ata ao norte de Mozambique (ao longo do litoral de África oriental), na Zambia e no sur da Etiopía. Existen tamén algunhas comunidades de falantes de suahili en Madagascar e nas illas Comores. Con todo, a maior parte dos seus falantes non a usan como lingua materna. De feito, crese que só dous a tres millóns, dos cincuenta millóns están nesta situación, o que significa que a gran maioría fala como lingua materna outro idioma níxer-congolés (por exemplo, bantú) ou cuxítico (somalí, por exemplo).

Suahili 'Kiswahili'	
Outros nomes:	swahili
Falado en:	Quenia Tanzania Uganda República Democrática do Congo Ruanda Burundi Somalia Mozambique Illas Comores (Incluíndo Mayotte
Rexións:	África oriental
Total de falantes:	50 millóns aprox.
Familia:	
	Bantú **Suahili**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Quenia, Tanzania e Uganda
Regulado por:	Baraza la Kiswahili la Taifa (Tanzania)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`sw`
ISO 639-2:	`swa`
ISO 639-3:	`swa (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=swa)`
SIL:	`SWA`

Índice

Descrición lingüística
- Pronuncia
- Fonoloxía

Gramática

Notas

Véxase tamén
- Ligazóns externas

Descrición lingüística

O suahili é unha lingua aglutinante e flexiva, polo que xeralmente cada palabra é claramente segmentábel en afixos cun significado gramatical bastante preciso.

Pronuncia


Áreas onde se fala a lingua suahili

As regras de pronuncia do suahili son moi simples. Tódalas palabras son graves, agás *Zánzibar*. Tódalas letras que se escriben tamén se pronuncian e as sílabas sempre rematan en vogal, mais un *m* ou un *n* poden ser por si sós unha sílaba. As vogais son como en castelán, xa que só hai cinco. As consoantes pronúnciase do seguinte xeito:

- Distínguese entre *b* e *v* como en portugués. O *b* pronúnciase [ɓ] segundo o AFI.
- O *c* só se emprega co dígrafo *ch* pronunciado [tʃ] segundo o AFI.
- O *d* sería sempre [ð] (AFI).
- O *g* pronúnciase como *ga*, *go* ou *gu* en galego, mesmo diante de *e* ou *i* (AFI: [ɠ]).
- O dígrafo *gh* soa como un *r* francés, gutural (AFI: [ʁ]).
- O *h* é aspirado (AFI: [h]).
- O *i* é sempre vogal (AFI: [i]).
- O *j* pronúnciase [ɗʒ] segundo o AFI.
- O dígrafo *kh* é como o *j* na lingua castelá, un *h* aspirado pero máis forte, como en *Khomeini* ou *Khartum* (AFI: [x]).
- O dígrafo *ng* pronúnciase como un *n* e un *g* (AFI: [ŋg]).
- O dígrafo *ng'* pronúnciase como un *n* nasal (AFI: [ŋ]).
- O dígrafo *ny* pronúnciase *ñ* como en catalán, polo que "Kenya" pronúnciase *Queña* e non *Quenia* (AFI: [ɲ]).
- O *q* non existe.
- O *r* pronúnciase sempre, xa sexa ao comezo de palabra ou intersilábico, a medio camiño entre o *r* e o *rr* do galego. Adóitase escoitar tamén como *l* e entre os ultrapuristas como *rrr* (AFI: [r]).
- O *s* é sempre xordo (AFI: [s]).
- O dígrafo *sh* pronúnciase como o *x* galego na palabra "xesta" (AFI: [ʃ]).
- O *u* é sempre vogal (AFI: [u]).
- O *v* diferénciase do *b* como se fai no portugués ou no francés (AFI: [v]).
- O *w* é o *u* semivocálico (AFI: [w]).
- O *x* non existe.
- O *y* é o *i* semivocálico (AFI: [j]).
- O *z* é como o *s* sonoro no portugués (AFI: [z]).

Fonoloxía

O inventario fonético do suahili estándar ten cinco fonemas vocálicos: /ɑ/, /ɛ/, /i/, /ɔ/, y /u/. Ademais, o suahili non ten ditongos; en combinación de vogais, cada letra pronúnciase separadamente. Por iso, a palabra suahili para "leopardo", *chui*, pronúnciase [tʃu.i], con hiato.

O seguinte cadro amosa o inventario de sons consoánticos en suahili. Entre paréntese aparecen os alófonos, en cursiva a grafía e entre barras os fonemas.

	Bilabial	Labiodental	Dental	Alveolar	Postalveolar	Palatal	Velar	Glotal
Nasal	*m* /m/			*n* /n/		*ny* /ɲ/	*ng'* /ŋ/	
Prenasalizada nasal	*mb* /^{m}b/			*nd* /^{n}d/		*nj* /^{ɲ}ɟ/~/^{n}dʒ/	*ng* /^{ŋ}g/	
Implosiva	*b* /ɓ/			*d* /ɗ/		*j* /ʄ/	*g* /ɠ/	
Oclusiva	*p* /p/			*t* /t/	*ch* /tʃ/		*k* /k/	
Aspirada	(*p* /p^{h}/)			(*t* /t^{h}/)	(*ch* /tʃ^{h}/)		(*k* /k^{h}/)	
Fricativa prenasalizada		*mv* /ɱv/		*nz* /nz/				
Fricativa sonora		*v* /v/	(*dh* /ð/)	*z* /z/			(*gh* /ɣ/)	
Fricativa xorda		*f* /f/	(*th* /θ/)	*s* /s/	*sh* /ʃ/		(*kh* /x/)	*h* /h/
Vibrante múltiple				*r* /r/				
Aproximante lateral				*l* /l/				
Aproximante						*y* /j/	*w* /w/	

Gramática

A característica gramatical máis prominente das linguas bantús é o uso extensivo de morfemas baixo a forma de prefixos. Cada substantivo pertence a unha clase e cada idioma pode ter aproximadamente dez clases, un pouco como xéneros en idiomas europeos. A clase indícase por un prefixo no substantivo, como tamén en adxectivos e verbos que concordan con aquel. O plural indícase por unha mudanza de prefixo.

Por exemplo, en suahili , *Mtoto mdogo amekisoma* significa *O neno pequeno leu isto* (un libro, implícito). *Mtoto* = neno goberna o prefixo do adxectivo "m" (*mdogo*) e o suxeito do verbo co prefixo "a". De seguido vén o tempo do verbo (perfecto) "me" - e un marcador de obxecto "ki" - concordando con *kitabu* (implícito), libro. O plural desta frase é: *Watoto wadogo wamekisoma*; se usarmos o plural para libros (*vitabu*), a frase tórnase: *Watoto wadogo wamevisoma*.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/suahili) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/suahili) para *suahili*.

Véxase tamén



Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia

Ligazóns externas

- Kamusi Project (https://kamusi.org/) Dicionario Suahili-Inglés.
- Ethnologue report on Swahili (https://web.archive.org/web/20060321134742/http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=swh) Ethnologue report on Swahili, Congo (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=swc)

na categoría: ***Lingua suahili***

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_suahili&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua suahili***
